

**ORDENANZA FISCAL E ADMINISTRATIVA:
ORDENANZA REGULADORA DA CORTA FORESTAL E DA TAXA
POR DEPÓSITO DE CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA DE
CORTA**

Índice:

Exposición de motivos.

Título Preliminar: obxecto e fundamento. Artigos 1 e 2.

Título I: Procedemento de concesión de autorizacións e réxime xurídico aplicable ás mesmas: Artigos 3 a 9.

- Capítulo I: Tramitación e responsabilidade. Artigos 3 e 4.

- Capítulo II: Prohibicións. Artigo 5.

- Capítulo III: Obrigas dos responsables. Artigos 6 a 9.

Título II: Infraccións, sancións e procedemento sancionador. Artigo 10.

Título III: Réxime tributario. Artigos 11 a 18.

Disposición derradeira: entrada en vigor.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente Ordenanza ten coma fin controla- la explotación forestal dos montes sitios no Concello de Paderne, dada a importancia que para o mesmo debe de ter desde os puntos de vista industrial- madeireiro e de protección paisaxística, así coma velar pola debida conservación das vías públicas de titularidade municipal, que poden ser obxecto de desperfectos por causa das operacións de pranta e corta da madeira, evitando a destrución dos camiños públicos e o depósito de residuos das operacións dentro do dominio público. Asimesmo, polo medio da mesma, acórdase a imposición e ordénase a taxa por outorgamento de autorizacións para o depósito de carga e transporte de madeira de corte, e pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local viario durante os labores de corta, carga e transporte da madeira de corta, ante a necesidade de repercutir nos suxeitos beneficiarios destas autorizacións os custes da tramitación das licencias e ante a de racionaliza-la tributación das diversas clases de ocupación do dominio público local que beneficie a suxeitos determinados, impedindo ou dificultando o uso común ou xeral do dominio público local por outros suxeitos, harmonizando así a tributación de tódalas clases de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

A efectos de simplificación no cumprimento das obrigas xerais dos interesados en realiza-lo aproveitamento madeireiro, óptase por refundir nun só texto a regulación xeral administrativa do réxime de control e outorgamento de autorizacións, no que destaca coma medida fundamental a esixencia de fianza para garanti- la reparación dos eventuais desperfectos que se produzan nos labores de carga da madeira, e a regulación tributaria da taxa que grava a tramitación das autorizacións e a taxa pola ocupación do dominio público local coa madeira e os vehículos de transporte da mesma durante as operacións de carga.

Para evita-la posible interferencia entre os dous réximes, establécese unha clara diferenciación dos contidos fiscais e xerais no artigo 1 da mesma, ante o diverso réxime xurídico, fundamentalmente de recursos, que rexerá nun ou outro ámbito xurídico.

Por último, establécese, na Disposición Derradeira, unha *vacatio legis* de un mes para retrasa-la entrada en vigor da Ordenanza, para respecta- lo prazo de carencia contido no artigo 65.2. da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, no tocante á parte xeral ou non fiscal da Ordenanza, así como para facilitar un período de adaptación aos suxeitos que poidan resultar afectados pola mesma.

TÍTULO PRELIMINAR

OBXECTO E FUNDAMENTO

Artigo 1.- Obxecto e fundamento.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 591 do Código civil e 25, 28 e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; e no Decreto 2661/1967, do 19 de outubro, o Concello de Paderne establece a presente ordenanza reguladora das talas ou cortas forestais, sendo o seu ámbito de aplicación o termo municipal de Paderne, sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas calificadas coma especialmente protexidas ou espazos naturais.

2.- No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto no artigo 57 en relación co artigo 20.3 do Real decreto -lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Paderne acorda a imposición ou establecemento da taxa por depósito de carga e transporte de madeira de tala ou corta, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, redactada consonte ao disposto no artigo 16 do dito Real decreto lexislativo 2/2004.

3.- Terán natureza tributaria, e, polo tanto, estarán suxeitos ao réxime xurídico propio da materia tributaria, os preceptos contidos nos artigos 1.2, 3.5, 3.6, e nos artigos 11 a 18, ámbolos dous incluídos, desta Ordenanza, así como a súa disposición derradeira.

Artigo 2.- Suxeición a autorización previa.

Non se poderá, dentro do termo municipal de Paderne, realizar corta ou tala forestal algunha, sen obter previamente a correspondente autorización do Concello, que será solicitada en modelo oficial nas oficinas deste.

TÍTULO I

PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO APLICABLE ÁS MESMAS

Capítulo I

Tramitación e responsabilidade

Artigo 3.- Solicitudes.

1.- Para poder realizar cortas de árbores, dentro do término municipal de Paderne, a persoa física ou xurídica responsable da corta deberá solicitalo cunha antelación mínima de UN MES. A falta de resolución expresa por parte do Concello nese prazo suporá que se entenda denegada a autorización.

2.- O impreso da solicitude deberá de ser cuberto en tódolos seus apartados, e rexistrado debidamente nas oficinas do Concello. Nel faranse constar, en todo caso, os seguintes datos:

a) NIF, nome completo e domicilio fiscal da persoa ou entidade, e domicilio a efectos de notificacións, de ser diferente.

b) De ser persoa xurídica, documento auténtico onde consten as identidades dos administradores e do representante legal da entidade.

c) Lugar, día e horario de desenvolvemento dos labores.

d) Referencia catastral da/s parcela/s onde se van desenvolver os labores.

e) Plano catastral de situación da/s parcela/s onde se van desenvolver os traballos.

f) Copia dos permisos de circulación dos vehículos cos que se van desenvolver os labores.

g) Indicar a ocupación da vía pública ou terreo de titularidade municipal que se ocupa cos metros cadrados de ocupación.

3.- Deberase achegar, ademais, fotocopia compulsada do permiso de corta, expedido pola autoridade competente.

4.- As persoas ou entidades que se ocupen habitualmente da realización das operacións obxecto desta Ordenanza poderán presentar unha solicitude única para todo o exercicio, debendo, neste caso, comunicar ao Concello, unha vez concedida a autorización anual, cunha antelación mínima de 3 días, os lugares e días en que vaian realizar cada unha

das súas operacións. A falta de comunicación, que deberá ser escrita, en todo caso, suporá infracción e conlevará a sanción correspondente. Estas entidades poderán subscribir convenios de colaboración co Concello de Paderne, para desenvolve-lo réxime previsto neste parágrafo.

5.- Xunto co impreso de solicitude, os suxeitos pasivos deberán presenta-lo documento xustificativo de ter autoliquidado, con carácter previo á presentación da solicitude, as taxas correspondentes á mesma consonte a presente Ordenanza. Non se dará trámite ás solicitudes que non acompañen xustificante do pagamento previo das taxas anteditas.

6.- Cando se trate de solicitudes únicas para todo o exercicio, deberá acompañarse á instancia de solicitude documento xustificativo de ter abonado as taxas de tramitación recollidas no artigo 15.1, e, tamén, polo menos, a taxa correspondente a unha ocupación por unha corta, isto é, a recollida no artigo 15.2. Nestes casos, e cada vez que se pretenda realizar outra corta, unha vez feita a primeira, o interesado tan só deberá presenta-lo documento de autoliquidación das taxas recollidas no artigo 15.2. A falta de presentación da autoliquidación de cada operación suporá que se entenda realizada a operación sen a preceptiva autorización.

Artigo 4.- Responsables.

Serán responsables a efectos do cumprimento desta Ordenanza, por esta orde:

- a) Os solicitantes da autorización.
- b) Os titulares da empresa/establecemento mercantil que realice os labores.
- c) Os donos das parcelas sobre as que se realicen as operacións, que responderán solidariamente a efectos desta Ordenanza. A tales efectos, consideraranse donos aos que figuren nos Rexistros Fiscais do Concello de Paderne.
- d) As persoas que manipulen as máquinas/aparells cos que se realice a corta, solidariamente.

Capítulo II

Prohibicións

Artigo 5.- Inocupabilidade das vías públicas.

As vías públicas non se poderán utilizar para almacén de madeira. Os depósitos de troncos, ramas ou follaxe non poderán invadir a zona de circulación, tanto de vehículos como de persoas, nin interromper a funcionalidade das cunetas, canalizacións, pontes, canles, pasos de auga ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ós viarios, nin supor risco para os usuarios da vía.

O posible desgaste ou deterioro das vías públicas debido ás operacións autorizadas conlevará a obriga de afiuzamento do risco de deterioro do dominio público.

Capítulo III

Obrigas dos responsables

Artigo 6.- Afiuzamento.

Os responsables das cortas establecerán unha fianza a favor do Concello, co obxecto de responder diante de posibles danos non reparados voluntariamente; a contía será fixada polo servizo técnico municipal. Poderá establecerse unha fianza única anual, da contía que sinalen os servizos técnicos municipais, cando os responsables das cortas teñan en previsión a realización habitual ao longo do exercicio dos labores regulados nesta Ordenanza. En ningún caso se poderán realizar as operacións de corta sen ter constituído previamente a fianza.

A fianza será depositada no Concello, unha vez requirido para elo, con carácter previo á entrega da autorización.

A fianza será reintegrada e/ou cancelada previo informe favorable dos servizos técnicos municipais, unha vez finalizada a corta forestal, no prazo de dous meses, sen prexuízo de

que , de non obter dito informe favorable, se produza a incautación definitiva da mesma, e a aplicación do réxime sancionador e demais consecuencias legais esixibles.

Artigo 7.- Reparación das vías públicas.

O responsable da corta responderá diante do Concello dos posibles danos ocasionados nas vías públicas municipais coma consecuencia do depósito e transporte de madeira, quedando na obriga da reparación das devanditas vías.

Artigo 8.- Limpeza das vías.

O responsable da corta terá a obriga da limpeza e retirada de refugallos producidos nas operacións realizadas.

Artigo 9.- Normas comúns.

- 1.- As limpeza ou reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 48 horas, a partir da retirada da madeira, ou en tres días cando coincida nunha fin de semana.
- 2.- Transcorrido un prazo de sete días dende que se producise a destrución ou deterioro do dominio público local ou a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento, o concello poderá realizar, con cargo á fianza, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda e de exercer as accións oportunas para resarcirse dos custos, se non fosen totalmente cubertos pola fianza.
- 3.- Se os danos fosen irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do deterioro dos danos.

TÍTULO II

INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 10.- Infraccións e sancións.

- 1.- Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido nesta. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición ós responsables das correspondentes sancións, ademais da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.
- 2.- As infraccións e sancións que lles corresponderán serán as seguintes:
 - a) Pola omisión da solicitude de corta ou tala: 300 €
 - b) Pola falta de comunicación no caso de autorizacións anuais: 200 €
 - c) Pola omisión do deber de constitución da fianza: 600 €
 - d) Por almacenamento de madeira nas pistas: 400 €
 - e) Pola falta de limpeza das vías e/ou gabias: 300 €

Estas sancións poderán ser reiterativas por cada semana sen cumprimento do esixido ou manténdose na situación de infracción tipificada , puidendo dar lugar a multa coercitiva ao abeiro do disposto no artigo 9 e 199 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia 9/2002 de 30 de decembro, ou a normativa que legalmente a substitúa en termos similares.

3.- O procedemento sancionador será o establecido no R.D. 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, en desenvolvemento da Lei 30/1992, e cos criterios expostos no Título XI da Lei 7/1985, modificada pola Lei 57/2003, de modernización do goberno local.

TÍTULO III

RÉXIME TRIBUTARIO

Artigo 11.-Feito imponible.

Constitúe o feito imponible deste tributo a realización de operacións de depósito, de carga e transporte en vehículos de madeira procedente da corta, reguladas nos artigos anteriores, e, en concreto:

- a) A tramitación das autorizacións pertinentes esixibles segundo o previsto na Ordenanza reguladora da corta forestal do Concello de Paderne.
- b) A ocupación do dominio público local (viario municipal) durante as operacións propias da corta forestal, cando estea autorizado ou, sin estalo, se produza.

Artigo 12.- Nacemento da obriga de contribuír.

A obriga de contribuír nace coa realización das actividades descritas no artigo anterior dentro do territorio do Concello de Paderne.

Non obstante, a presente taxa configúrase coma de depósito previo, polo que os suxeitos pasivos deberán ingresar as cotas correspondentes aos feitos impositivos antes descritos simultaneamente á presentación das solicitudes correspondentes.

Artigo 13.-Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4. da Lei 58/2003, xeral tributaria, que resulten autorizadas para realizar as actividades de carga e transporte de madeira de tala, e as que resulten beneficiadas por ditos aproveitamentos mesmo cando non obtivesen previa autorización.

Artigo 14.-Responsables tributarios.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización dunha infracción tributaria, así como os copartícipes ou cotitulares das entidades recollidas no artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que responderán en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias de ditas entidades.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.

Artigo 15.- Tarifas

As tarifas a abonar polos feitos impositivos desta Ordenanza serán:

- 1.- Tramitación de nova licenza ou renovación: 15 €
- 2.- Ocupación do dominio viario local durante as operacións:

Mediante a autorización de corta ou tala, concédese o permiso para que os vehículos realicen labores estacionando temporalmente nas marxes das vías locais, sempre que non impidan ou entorpezan gravemente a circulación, de xeito que, ocasionalmente, desfruten de xeito especial do dominio público local, polo que se fixa unha ocupación estimada a tanto alzado, que terá carácter discontinuo, durante o tempo que duren as operacións, e que, polo tanto, tributará a razón de 18 euros por día de operación para oito horas diarias . No suposto de menos ou mais horas procederase a súa aplicación prorrateada.

Artigo 16.-Normas de xestión.

- 1.- As persoas naturais ou xurídicas interesadas na obtención dos aproveitamentos deberán cursar a solicitude consonte ao previsto nos artigos anteriores.
- 2.- A liquidación correspondente á solicitude de autorización para corta ou tala forestal liquidarase con carácter previo á presentación da solicitude, ben sexa anual ou accidental. Non se tramitará a solicitude sen o depósito previo da taxa respectiva.
- 3.- A liquidación correspondente á ocupación do dominio público local durante as operacións liquidarase previamente ao momento de presentación da solicitude, ou á comunicación prevista para cada operación para cando se teña concedida unha autorización única de carácter anual.
- 4.- As empresas que realicen habitualmente os labores regulados nesta Ordenanza poderán asinar convenio de colaboración co Concello de Paderne, nos que se poderán simplificar o cumprimento das obrigas formais e fiscais desta Ordenanza, establecendo, incluso, unha tarifa acumulada para un número determinado de operacións segundo as

previsións anuais que sinala a empresa.

Artigo 17.-Gastos de reconstrución e indemnizacións.

Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial que se concedeu leve aparellada a destrución ou deterioro do dominio público local, o suxeito pasivo, sen prexuízo do pago da taxa a que houbese lugar, estará obrigado ao reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e do depósito previo do seu importe, nos termos anteriormente regulados.

Artigo 18.-Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta ordenanza, estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable, sen prexuízo de que a policía municipal inmobilece inmediatamente o vehículo ata a conclusión do expediente ou a presentación da fianza polas cantidades máximas que puidesen derivarse da súa instrución.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez transcorrido UN MES, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, quedando derogadas cantas outras disposicións do mesmo rango normativo, en canto se opoñan ou contradigan o disposto na presente.

En Paderne a 26 de outubro de 2011

O ALCALDE

D. César Longo Queijo

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CORTA FORESTAL NO
TÉRMINO MUNICIPAL DE PADERNE

O interesado asinante manifesta a vontade de proceder á tala de árbores en terreos sobre os que ten plena dispoñibilidade para facelo, coa plena responsabilidade e cumprindo tódolos requisitos legais esixibles, dispoñendo de toda a documentación xustificativa e mantendo o cumprimento de todo o esixible durante o periodo da autorización pertinente, e por todo isto ven en solicitar , ao abeiro da **ORDENANZA FISCAL E ADMINISTRATIVA REGULADORA DA CORTA FORESTAL E DA TAXA POR DEPÓSITO DE CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA DE CORTA**

1.- NIF, nome completo e domicilio fiscal da persoa ou entidade, e domicilio a efectos de notificacións, de ser diferente.

2.- Indicar se é persoa Física ou Xurídica.- De ser persoa xurídica, documento auténtico onde consten as identidades dos administradores e do representante legal da entidade.

3.- Lugar, día e horario de desenvolvemento dos labores.

4.- Referencia catastral da/s parcela/s onde se van desenvolver- los labores.

Documentación a adxuntar:

a) Se é persoa xurídica , documento auténtico onde consten as identidades dos administradores e do representante legal da entidade.

b) Plano catastral de situación da/s parcela/s onde se van desenvolver- los traballos.

c) Copia dos permisos de circulación dos vehículos cos que se van desenvolver-los labores.

d) Fotocopia compulsada do permiso de corta, expedido pola autoridade competente.

5.- Indicar a ocupación da vía pública ou terreo de titularidade municipal que se ocupa cos metros cadrados de ocupación.

Sinatura do Interesado